

MUSEO PROVINCIAL DE LUGO (Rede Museística da Deputación de Lugo)

Co fin de reunir e protexer os bens do patrimonio cultural lucense, en 1932, a Deputación de Lugo acorda crear o Museo Provincial de Lugo, vontade que se materializa, dous anos máis tarde, coa apertura no Pazo de San Marcos (baixo a dirección de D. Luis López Martí) de varias salas con materiais arqueolóxicos, históricos, artísticos, etc. ata daquela dispersos en coleccións particulares. O continuo incremento de fondos e as limitacións de espazo obrigaron, en 1957, a trasladar o museo ao antigo convento de San Francisco. Conservando tres dependencias deste vello cenobio (cociña, claustro e refectorio), o arquitecto vigués, D. Manuel Gómez Román (1875-1964), deseña, tomando como base un proxecto anterior de Durán Loriga, un edificio con aires de pazo galego. O 1 de marzo de 1962, o Museo Provincial de Lugo foi declarado Ben de Interese Cultural. En 1997, o museo foi ampliado, segundo un proxecto do arquitecto González Trigo.

Deseñado polo arquitecto Pons Sorolla, a comezos da década dos sesenta do pasado século, o xardín do Museo constitúe un singular espazo que destaca polos seus valores naturais e artísticos. Entre os primeiros, chaman especialmente a atención dúas árbores espectaculares: un magnolio *grandiflora* de folla perenne e un acivro *variegata*, especies ás que lles hai que engadir pradairos, chopos, etc. Este espazo está musealizado con cinco obras de escultores galegos e portugueses. Tamén, resulta especialmente interesante un vello cruceiro de feitura popular procedente de Teixeira (Lugo), así como un miliario procedente de Franqueán (O Corgo) e o *Marco da Pedra Longa* (Sober).

PLANTA BAIXA

1. REFECTORIO: do século XVIII, con cuberta de bóveda de canón e púlpito de cantería. Alberga as coleccións de maquetas de construcións tradicionais da provincia de Lugo.

2. COCIÑA: (s. XVIII). Dela destaca a súa singular lareira de cantería con vistosa cheminea de cachotería. Acolle utensilios e mobiliario propios da cociña tradicional galega.

3. CLAUSTRO: (ss. XV-XVIII). Declarado Ben de Interese Cultural en 1931, nos seus corredores exhibese unha ampla e variada colección de reloxos de sol (o máis antigo é de 1685), epigrafía romana (en aras, placas e miliarios) e medieval, heráldica, capiteis, sartegos, laudas sepulcrais e mostras de escultura en pedra de diversas épocas. Destacan, especialmente, os catro fragmentos dun baldaquino gótico procedentes de Sta. María de Fragas (Campo Lameiro -Pontevedra-) que reproducen escenas do Novo Testamento.

3 (bis): acceso á antiga sala capitular: importante colección de aras votivas romanas, algunhas dedicadas a divindades indíxenas e placas fundacionais da cidade de Lugo de Paulo Fabio Máximo, así como dúas estelas anepigráficas discoideas (Ss IX-XI d C.) procedentes de Castillón (Pantón).

Vestíbulo: mobiliario de gardar (bargueños, arquimesa e arca) dos séculos XVII e XVIII

4-5-6. ARTE SACRA: pintura de temática relixiosa dos séculos XV ao XX, sobre todo das escolas italiana e española. Escultura románica, gótica, renacentista e barroca. Cruces procesionais (s. XVI-XIX) e relicarios, pezas de alabastro, rosarios, etc.

7. PLÁSTICA E MUSIVARIA PROVINCIAL ROMANA: mosaicos de Armañá e Batitales (s. III d. C.) e diversas mostras de escultura romana dos ss. I ao IV d.C., entre as que sobresaen a estela de Crecente e as bifrontes de Adai e Atán.

Escaleira neobarroca de acceso á primeira planta. No vestíbulo, obras do grande escultor galego Francisco Asorey: *Ofrenda a San Ramón* e *San Francisco*.

PRIMEIRA PLANTA

8. OURIVERÍA ANTIGA: importantísima colección de torques, arracadas, brazaletes e outras pezas de ouro e prata, fundamentalmente da Idade de Bronce e da Cultura Castrexa.

9. PREHISTORIA E ARQUEOLOXÍA: ocupa as ás norte, leste e sur do claustro superior. Exposición de materiais arqueolóxicos da provincia de Lugo que van desde o Paleolítico á Romanización.

10. NUMISMÁTICA E MEDALLÍSTICA: moedas dos séculos III a. C. ao XX d. C., representativas das diferentes etapas históricas que viviu a Península Ibérica, así como medallas conmemorativas dos séculos XVIII, XIX e XX.

ARTE GALEGA

11. ACIBECHES E OURIVERÍA: mostra de acibeches composteláns (séculos XVI-XVIII) e de ourivería popular (como os característicos “sapos”) dos séculos XVIII e XIX.

12. PINTURA: ROMANTICISMO E REXIONALISMO. Artistas dos séculos XIX e XX (J. Pérez Villamil, Dionisio Fierros, Leopoldo Villamil, Vaamonde, Román Navarro, Serafín Avendaño, Francisco Llorens, Quintás Goyanes, Seijo Rubio, Sotomayor, Manuel Abelenda, etc.) representativos da plástica galega neste período. Esculturas de X. Piñeiro, M. Picallo, Otero Besteiro e Bonome, entre outros.

13. VANGARDAS HISTÓRICAS E POSGUERRA. Obras dos lucenses Tino Grandío e Maruja Mallo, así como tamén de Colmeiro e Castelao.

14. FIGURACIÓNS E ABSTRACCIÓNS. Tendencias representadas por Alfonso Abelenda, Felipe Criado, Sucasas, Blas Lourés, Luis G. Pacios, López Guntín e Raimundo Patiño.

15. ANTONIO FERNÁNDEZ, artista pontevedrés que reside varios anos en Anticoli, localidade italiana moi presente na súa obra de tipo realista, na que predominan os temas paisaxísticos e a preocupación pola luz e a cor.

16. XULIA MINGUILLÓN, esta artista lucense foi a primeira muller que, en 1940, acadou unha primeira medalla nas Exposicións Nacionais de Belas Artes coa súa obra máis destacada *A escola de Doloriñas*.

17. XESÚS R. CORREDOIRA, pintor lucense, discípulo de Plá, Zuloaga e Sorolla, que acusa tamén a influencia de El Greco, patente en moitas das obras expostas.

18. ESCULTURA: obras de Puchades, Picallo e un conxunto de escenas populares de Xosé M.^a Acuña.

19. LOUZA DE SARGADELOS: importante colección da cerámica realizada nas catro etapas da Real Fábrica de Sargadelos (Cervo-Lugo) no século XIX.

20. CERÁMICA E VIDRO: exemplos de cerámica dourada (Manises, Muel), esmaltada e pintada (Talavera, Puente del Arzobispo) e estampada (“La Cartuja”, Cartaxena). Vidros e cristais da fábrica de “La Granja” de San Ildefonso.

21. SALA ROMÁNTICA: ARTES DECORATIVAS E RETRATOS: sala na que se mostran pezas de artes decorativas e de indumentaria, así como retratos realizados por Esquivel, González de la Peña, Tissot, Pardo Reguera, Balaca e os Madrazo.

22-23. ARTE MODERNA E CONTEMPORÁNEA. Pintura desde o barroco ás vangardas do XX, representada por obras de Peter Roos, Carlos de Haes, Álvarez Dumont, Nicolás Soria, Gonzalo Bilbao e Cruz Herrera, entre outros. Escultura do século XX: Ignacio Veloso, José Fioravanti e Otero Camps; entre as pezas expostas destaca a *Piedade* de Torre-Isunza. Moitas destas obras son depósito do Museo Nacional do Prado e do Museo de Arte Nacional Reina Sofía.

24-25-26-27. ARTE GALEGA: DEBUXO E GRAVADO. Na entrada a este espazo dispóñense varias esculturas de autores galegos. A continuación, exposición colectiva dedicada a artistas galegos contemporáneos con obra de debuxo e gravado, así como salas monográficas dedicadas a Castelao, Prieto Nespereira e Castro Gil.

28. LUCERNAS. Doadas por D. José Varela Dafonte, trátase dunha interesante e curiosa colección de lucernas de diversas épocas (sirio-palestinas, helenísticas, romanas, bizantinas e islámicas) cunha cronoloxía que vai dende os anos 2300 a. C. ao século XV d. C.



DEPUTACIÓN DE LUGO



REDE MUSEÍSTICA
PROVINCIAL DE LUGO

MUSEO PROVINCIAL DE LUGO